 - Darse por informada sobre a aplicación das recomendacións da auditoría operativa sobre “Procedementos (solicitud, tramitación e xustificación) nos gastos en proxectos internacionais de cooperación educativa”, en previsión de estar operativa no segundo semestre de 2020.
 - Dar a súa conformidade á proposta para determinar o contido dunha nova auditoría operativa orientada a promover a mellora do ensino, da investigación ou da xestión dos servizos da UVigo.
 - Informar favorablemente ao Pleno sobre a asignación singular e individual de complementos a profesores, correspondentes á convocatoria de 2019, por cargos de xestión, pola labor docente e investigadora, e pola excelencia curricular docente e investigadora.
 - Darse por informada dos convenios asinados pola UVigo en novembro de 2020, e dar conta ao Pleno.

COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS

PRINCIPAIS ACORDOS ADOPTADOS

A Comisión de Actividades e Servizos reuniuse no ano 2020 en catro ocasións, tres no Campus de Vigo e unha a través do campus remoto. As sesións celebráronse o 18 de febreiro, o 21 de maio (virtual), o 22 de setembro e o 18 de novembro.

ACORDOS

- Aprobar a renovación da asignación para a actualización de contidos da páxina web do Consello Social en 2020.
- Informar favorablemente para elevar ao Pleno, da distribución de axudas previstas na convocatoria aberta de Prácticums que promove o Consello Social, para os seguintes centros:
 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
 - Escola de Enxeñaría Industrial
 - Escola Universitaria de Estudos Empresariais
 - Facultade de Bioloxía
 - Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
 - Facultade de Ciencias do Mar
 - Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
 - Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
 - Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
 - Facultade de Dereito
 - Facultade de Filoloxía e Tradución
 - Facultade de Historia
- Aprobar unha colaboración coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo para a organización dun Foro de Emprego.
- Aprobar unha axuda para a organización do Foro Tecnolóxico orientado a propiciar a empregabilidade dos alumnos das escolas técnicas do Campus de Vigo.



Secretario, presidente e reitor, durante unha das reunións, provistas da obrigatoria mascarilla de protección.

- Aprobar a dotación do “Premio a iniciativas de innovación social”, dentro do evento “Hack For Good 2020” promovido pola Cátedra Telefónica.
- Aprobar unha aportación para a organización en Ourense dun Encontro técnico de secretarios de Consellos Sociais, promovido polo Consello Social da UVigo e a Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas.
- Propoñer ao Pleno unha aportación excepcional, durante 2020, ás actividades e diferentes liñas de traballo que posibiliten a posta en funcionamento, operatividade e accións prácticas do Observatorio de Egresados da UVigo.
- Aprobar unha axuda para a organización da III Olimpíada galega de Historia “Fai Historia con nós”, a celebrar no Campus de Ourense.
- Aprobar a colaboración nunha nova edición das Bolsas “Ourense Exterior” para o curso 2019/2020.
- Aprobar unha axuda para apoiar a participación do equipo de alumnos UVigo Motorsport na competición interuniversitaria europea “Fórmula Student”.
- Aprobar unha axuda para o patrocinio da proposta de elaboración dun “Barómetro de empregabilidade da UVigo: estudantes e empregadores”, para



A Comisión, durante a primeira reunión presencial celebrada no Campus de Vigo.

coñecer a valoración, preparación, necesidades e aptitudes dos alumnos.

- Aprobar unha dotación para a colaboración coa Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria, para poñer en marcha a “Comunidade Alumni-UVigo”, a partir da base de datos do Observatorio de Egresados.
- Aprobar a financiación das carpetas-guía de acollida ao alumnado que se incorpora á Universidade de Vigo no curso académico 2020/2021, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.
- Aprobar unha aportación para a organización en

Pontevedra da “Pont Up Store 2020: espazo de emprendemento”.

- Conceder unha axuda para a organización das xornadas dixitais sobre tecnoloxías e solucións para a automatización industrial “Dixital JAI2020”.
- Aprobar unha axuda para a actividade “Cóntancho as matemáticas”, dirixida a fomentar a cultura científica, tecnolóxica e innovadora e promover a igualdade de xénero entre o estudiantado do terceiro ciclo de Educación Primaria.
- Conceder unha axuda para o VIII Ciclo de conferencias de Dereito Concursal, organizado pola Área de Dereito Mercantil da Universidade de Vigo.

- Elevar ao Pleno a proposta dunha aportación para executar o programa eDestrezas en 2021, promovido dende a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, para fomentar as competencias dixitais dos alumnos nos tres Campus.
- Aprobar unha aportación para levar a cabo os traballos precisos de redefinición e ampliación da web corporativa do Consello Social, para incorporar unha maior presenza de contidos específicos referidos á Responsabilidade Social e Transparencia da UVigo.
- Aprobar a modificación da axuda concedida na sesión de maio de 2020, para a organización da sétima edición da Pont Up Store 2020: espazo de emprendemento”.
- Aprobar a participación do Consello Social nas xornadas “sODStendo o planeta. Semana da axenda 2030 na UVigo”, e o patrocinio do Premio Consello Social_UVigoHumana.
- Conceder unha axuda para a organización do programa “Debut 2020” de ESDEMGA, para conectar aos estudantes do centro coas empresas téxtiles.
- Aprobar unha axuda para apoiar o “I Encontro Universidade-Empresa”, organizado pola Asociación da pequena e mediana empresa de Pontevedra.
- Aprobar o patrocinio da publicación “Ensayos académicos. Iberoamérica y Galicia”, do que é autor José María Franco.
- Aprobar unha aportación para a publicación do libro “La conciliación: un derecho imprescindible en el siglo XXI”, sobre un traballo de Raquel María Vázquez.
- Aprobar a convocatoria e a dotación económica correspondente para Prácticums, para elevación ao Pleno do Consello Social.
- Conceder unha axuda á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, para divulgar os seus coñecementos entre a sociedade, a través da Aula Aberta á Tecno-Ciencia.
- Aprobar modificacións nos acordos da sesión do 21 de maio, sobre a execución das axudas concedidas para a posta en marcha da web da “Comunidade Alumni-UVigo” e para a organización da “Pont Up Store 2020: espazo de emprendemento”.
- Aprobar unha asignación para a edición en galego e castelán do traballo “Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da COVID-19 nas persoas tituladas da UVigo”, elaborado dentro do proxecto Observatorio de Egresados.

ORZAMENTOS: EJERCICIO 2020

EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO CONSELLO SOCIAL

O orzamento do CS mantense en 367.850€ por noveno exercicio consecutivo. Os ingresos proceden da aportación da Xunta de Galicia (200.000 euros), dentro do seu compromiso cos Consellos Sociais das tres universidades galegas, e da Universidade de Vigo que cubre a cantidade restante. En cada exercicio incorpórase a maiores unha partida da Conferencia de Consellos Sociais de España, que neste 2020 ascendeu a 3.400 euros destinados á organización das Xornadas técnicas de secretarios que se desenvolveron en Ourense no mes de febreiro.

No apartado de gastos rexístrase un transvase de recursos (11.000 euros), que pasan do capítulo 2 ao capítulo 4, para atender iniciativas referidas a egresados, alumnos procedentes doutros países e necesidades dos estudantes nun contexto excepcionalmente adverso. As partidas principais seguen a ser *Estudos e traballos técnicos*, seguido de *Cursos, conferencias e seminarios* (para atender os patrocinios e axudas a actividades que conectan a universidade coa sociedade). Con carácter xeral, aprécianse variacións nas partidas

Atencións protocolarias (que descende) e *Edicións e publicacións* (que sube lixeiramente).

A maior parte do gasto materialízase nos acordos adoptados pola Comisión de Actividades e Servizos, que en 2020 concedeu axudas por importe de 232.966 euros, para iniciativas orientadas a apoiar a visibilización da universidade e mesmo a transferencia de coñecemento.

Respecto ao orzamento da UVigo para 2019 representou unha porcentaxe do 0,20%. Para 2020 este indicador pasou ao 0,18%, debido ao histórico incremento orzamentario da universidade. No caso do Consello Social de Santiago representou un 0,08%, e en A Coruña foi do 0,15%. Nestes dous casos os recursos proceden exclusivamente da Xunta de Galicia. A estimación para 2021 sitúa o orzamento do Consello Social nun 0,20% respecto do previsto pola Universidade de Vigo.

No tocante ao peche orzamentario do Consello Social, 2020 rematou cun nivel de execución do 83,1%, se se computa as incidencias e a suspensión dalgunhas axudas a actividades que non se puideron levar a cabo.



Entrada de acceso exterior ás oficinas do Consello Social, no Campus de Vigo.

CRÉDITO INICIAL	367.850,00 €
Modificaciones positivas	0,00 €
Modificaciones negativas	0,00 €
CRÉDITO DEFINITIVO	367.850,00 €
Saldo Obrigacións/pagos	260.055,38 €
Saldo Comprometido	41.207,61 €
Crédito Retido	4.440,36 €
CRÉDITO DISPOÑIBLE	62.146,65 €
EXECUCIÓN DO ORZAMENTO	305.703,35 €
Execución sobre o crédito inicial	83,10 %

REUNIÓNS E COMPARENCIAS

CONVOCATORIAS OFICIAIS. CONFERENCIA CONSELLOS SOCIAIS.


2020 foi un ano atípico, practicamente pechado ás actividades presenciais a partir do mes de marzo, ó que seguíu un longo período de cancelación total de convocatorias ata o peche practicamente total.

De xeito telemático, o presidente, Ernesto Pedrosa Silva, participou nas seguintes reunións:

ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN CCSU

30 de xuño. Aprobáronse as contas anuais da CCS e abordáronse asuntos referidos á proposta de firma dun convenio coa Fundación para a Formación e Investigación en Auditoría do Sector Público (FIASEP), e á presentación do informe “Educación Superior e Coronavirus: unha mirada global” a cargo de Javier Betancor Jorge.

2 de decembro. Nesta reunión participou o secretario Xeral de Universidades, José Manuel Pingarrón, e o secretario Xeral de Investigación, Rafael Rodrigo, para expoñer as liñas de actuación dos ministerios de Universidades e de Ciencia e Innovación. Asemade presentáronse os orzamentos e os eixos da CCS para 2021; o dossier de acollida a novos presidentes de consellos sociais; o estudo “Los consejos sociales ante la agenda 2030” elaborado por encargo da CCS; e a nova web.



Os secretarios dos Consellos Sociais reuníronse en Ourense pouco antes de se decretar o confinamento a causa da COVID-19.

COMISIÓN DE TRANSFERENCIA E RELACIÓNS COA SOCIEDADE

16 de xaneiro. (Presencial. Madrid). Presentouse o informe “*Situación y retos de las universidades españolas*

ante la transformación digital” levado a cabo no marco do Convenio de Colaboración subscrito con REDFUE.

COMISIÓN DE SECRETARIOS

O secretario, **Ignacio Rodríguez Iglesias**, asistiu/participou no Pleno da Comisión sectorial de secretarios, celebrado o **20 e 21 de febreiro** (Ourense), dentro dun programa de actividades organizado dende o Consello Social da UVigo, que reuniu en Ourense ós secretarios dos Consellos Sociais das universidades españolas, para falar de Comunicación e Transparencia.

O **26 de novembro** (por medios telemáticos), **Ignacio Rodríguez** participou no Pleno da comisión sectorial de secretarios dos Consellos Sociais.

CONVOCATORIAS OFICIAIS. GALICIA

CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

15 de xuño. Os asistentes foron informados sobre o proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos públicos para a prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2020/2021; sobre autorización de implantación nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo das ensinanzas universitarias oficiais de grao, máster universitario e doutoramento, para o curso 2020/2021; sobre a designación de representante das universidades públicas de Galicia en varios órganos.

11 de decembro. Presentouse nesta reunión un informe sobre a incidencia da COVID-19 no Sistema universitario de Galicia e nos diferentes Campus; tamén se deu conta de distintas informacións sobre a proposta de revogación de titulacións oficiais de grao, máster universitario e programas de doutoramento nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo no curso 2020-2021; outro a adscrición do Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG) á Universidade de Santiago de Compostela e autorización para o inicio de actividades; sobre as alegacións ao proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 237/2007, do 5 de decembro, da creación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

CONSELLO REITOR DO CONSORCIO AXENCIA PARA A CALIDAD DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

Ernesto Pedrosa asistiu ás reunión presencial do Consello Reitor da ACSUG o 16 de decembro (Santiago de Compostela).

CONVOCATORIAS OFICIAIS. VIGO

CIDADE UNIVERSITARIA, S.A. - CUSA

O presidente participou nas seguintes xuntanzas de Cidade Universitaria, para abordar os seguintes asuntos, entre outros:

Xullo (mediante procedemento de votación por escrito e sen sesión presencial)

Consello de administración:

- Aprobación, se procede, do informe de xestión do exercicio pechado a 31 de decembro de 2019.
- Formulación polo Consello de Administración, das contas anuais da sociedade: Balance de situación, conta de perdas e ganancias, estado de cambios no patrimonio neto e memoria, correspondentes ó exercicio pechado a 31 de decembro de 2019.
- Formulación polo Consello de Administración da proposta de aplicación do resultado do exercicio pechado a 31 de decembro de 2019.
- Formulación polo Consello de Administración da sociedade, na súa condición de administrador único, das contas anuais da sociedade TENDA UNIVERSITARIA DE VIGO, S.L.: balance de Situación, conta de perdas e ganancias, Estado de cambios no Patrimonio Neto e Memoria, correspondentes ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2019, así como a formulación da aplicación do resultado do exercicio.
- Proposta de disolución con liquidación da Sociedade TENDA UNIVERSITARIA DE VIGO, S.L.
- Proposta de nomeamento dos Auditores de Contas da Sociedade para o exercicio 2019.
- Exame das ofertas para a Auditoría de Contas dos exercicios 2020, 2021 e 2022 da Sociedade.
- Convocatoria da Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas, para a aprobación das contas anuais da sociedade formuladas neste Consello de Administración e o resto dos acordos.
- Delegación de facultades.

Decembro (mediante procedemento de votación por escrito e sen sesión presencial)

Consello de administración:

- Estimación peche exercicio 2020.
- Aprobación do presuposto para o ano 2021.
- Delegación de facultades.

ASISTENCIA A OUTROS ACTOS



Ernesto Pedrosa agarda entre os asistentes en Edugal.



Mesa presidencial, con Ernesto Pedrosa a esquerda do Reitor, Pachi Reigosa.

14.01.2020 O presidente participa na toma de posesión do reitor da Universidade da Coruña, no paraninfo ds UDC.

14.01.2020 O presidente asiste ao acto de entrega dos Premios Cultura Galega 2019, en Vigo.

16.01.2020 O presidente participa na *Comisión de Transferencia y relaciones con la sociedad, de la Conferencia de Consejos Sociales*, no reitorado da Universidad Politécnica de Madrid.

28.01.2020 O presidente participa no acto académico da festividade de santo Tomé de Aquino, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo.

05.02.2020 O presidente asiste á presentación do informe *La universidad española en cifras 2017-2018*, na Fundación Ramón Areces, Madrid.

11.02.2020 O presidente participa na entrega de diplomas *Bolsas de Excelencia mocidade exterior*, na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

12.02.2020 O presidente participa na inauguración de EDUGAL 2020, no Pazo da Cultura de Pontevedra.

20/21.02.2020 O presidente participa nas xornadas de secretarios de consellos sociais das universidades españolas sobre *Comunicación y transparencia ¿en que pueden mejorar los Consejos Sociales?*, en Ourense.



Ernesto Pedrosa abriu as xornadas de secretarios, entre Elena Marín e Miguel A. Acosta.

02.03.2020 O presidente asiste a un café-coloquio co Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, en la Estación Marítima de Vigo.

03.03.2020 O presidente asiste á sesión solemne de apertura do curso 2020 da Academia Xacobeo no Paraninfo da Universidade de Vigo no campus de Vigo.

10.03.2020 O presidente participa na reunión do Observatorio de Persoas Tituladas. Campus de Vigo.

13.04.2020 / 17.04.2020 / 08.05.2020 / 26.05.2020 O presidente participa en reunións telemáticas dos presidentes dos Consellos Sociais do Sistema Universitario Galego coa Conselleira de Educación.

26.06.2020 O presidente participa nunha reunión telemática do Consello Galego de Universidades.

15.06.2020 O presidente asiste ao seminario web *Las universidades ante la incertidumbre motivada por la crisis sanitaria y económica*, organizado pola *Conferencia de Consejos Sociales*.

30.06.2020 O presidente participa por videoconferencia na asemblea xeral da *Asociación Conferencia de Consejos Sociales de las universidades españolas*.

01.07.2020 O presidente intervén na conferencia *O Mecenado na investigación universitaria*, organizada pola Asociación alumni da USC. En Santiago de Compostela



Imaxe dalgúns dos participantes na iniciativa de alumni da USC.



Foto de grupo de premiados e autoridades universitarias.



Vista do salón durante a apertura oficial, co Reitor en primeiro plano.

10.07.2020 O presidente entrega premios da III Olimpíada galega de historia, no salón multiusos Emilia Pardo Bazán en Ourense.

24.07.2020 O presidente asiste á entrega das Medallas de Galicia 2020 na Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela.

25.09.2020 O presidente asiste ao acto solemne de apertura do curso académico 2020/2021, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do campus de Vigo.

26.10.2020 O presidente participa no acto telemático de apertura das xornadas Digital JAI 2020. Na súa intervención sinala que *“estas Xornadas son a conexión máis perfecta que poida darse cos obxectivos do Consello Social da UVigo, ao que represento. Porque son un exemplo do ecosistema de innovación e transferencia, porque son un modelo do valioso intercambio entre a universidade e a empresa, e porque son un reflexo do aproveitamento que reporta aos cidadáns a coexistencia entre a tecnoloxía, os profesionais e a sociedade.*

E aínda engadiría un factor máis: a apertura de escenarios para o desenvolvemento do talento e para a formación dos alumnos en coñecementos que fundamentarán o futuro na automatización e dixitalización industrial. Con especial motivo nunha contorna no que a progresión crecente de sectores

industriais cun elevado nivel de automatización nos seus procesos (como o automobilístico, naval, conserveiro, pesqueiro, granito e papel, por citar os máis destacables) fomentaron o rápido crecemento e expansión que demandan, para a súa actividade diaria, a presenza de técnicos e especialistas que dispoñan de coñecementos avanzados en relación coas tecnoloxías modernas de automatización industrial.

Pero estas Xornadas van moito máis alá de achegar capacitación e excelencia. Porque contribuirán tamén a marcar o futuro e as posibilidades dos máis novos, e a súa influencia e repercusión será determinante para alargar o horizonte da linguaxe e ampliar os nosos universos persoais de comprensión do mundo, e por tanto son igualmente beneficiosas para transformar e actualizar o modo de comunicarnos, como ben se desprende dunha lectura do programa.

Estas son algunhas das razóns polas que o Consello Social non podía quedar á marxe desta iniciativa.

Son momentos de cambios tecnolóxicos masivos. E extraordinariamente acelerados. Necesitamos que a universidade se poña á fronte das nosas incertezas e das nosas esperanzas.

Os expertos lémbrennos que a imprenta de Gutenberg, no século XV, transformou completamente o mundo e os seus valores ao democratizar a lectura. E afirman que hoxe están a suceder ao mesmo tempo uns 20 impactos dese mesmo calado. A neurociencia, a intelixencia artificial, a nanorobótica ou o blockchain son algúns deles.

Estas tecnoloxías están a cambiar os nosos códigos, o noso nivel de esixencia de respostas e o papel das institucións...e por tanto da sanidade, dos sistemas legais ou da educación, que estamos a ver lentos e desbordados polos acontecementos agora que o virus deixou ao descuberto a súa fuselaxe.

Por iso celebramos que aquí se forxen avances e se expóñan de forma fundada e sustentable. E celebramos tamén que esta Escola nos coloque como territorio vinculado a ela na proa da esixente viaxe que estamos obrigados a facer, con recursos para avanzar e garantías de que se usan, aproveitando as súas vantaxes e exhibindo as súas fortalezas.

Xa só polo elevado nivel deste evento, o prestixio dos relatores e o atractivo do programa, habería que felicitar ao profesor Nacho Armesto. Pero non só. Tamén o seu esforzo organizativo –xa complexo de seu e agravado nas actuais circunstancias– e pola ambición dos seus obxectivos, son merecedores da nosa felicitación sincera. Fannos sentir orgullosos desta universidade, polas súas prestacións e as súas sensibilidades. Pero, sobre todo, fan que nos sintamos esperanzados como cidadáns ante o futuro.

Reciban o agradecemento do Consello Social que represento. Seguirémolos con atención”.



Imaxes do acto organizado pola pequena e mediana empresa de Pontevedra.



A entrega dos premios estivo presidida por Manuel Reigoso e Ernesto Pedrosa.

02.11.2020 O presidente participa no encontro telemático **#ConectaCEP** co Presidente da Xunta de Galicia.

17.11.2020 O presidente participa no reunión por videoconferencia dos presidentes dos Consellos Sociais do Sistema Universitario Galego co Conselleiro de Educación.

19.11.2020 O presidente participa no rolda de prensa da presentación I Encuentro Universidad-Empresa organizado pola AEMPE, Pontevedra.

26.11.2020 O presidente participa na apertura telemática do I Encuentro Universidad-Empresa (AEMPE) realizada por medio da plataforma ZOOM, da Aula Virtual da UVigo e fisicamente na Casa das Campás de Pontevedra.

02.12.2020 O presidente participa por videoconferencia na asemblea xeral da Conferencia de Consejos Sociales.

11.12.2020 O presidente participa por videoconferencia no Consello Galego de Universidades.

16.12.2020 O presidente participa telematicamente na reunión do Consello reitor da Axencia pola Calidade no Sistema Universitario Galego.

18.12.2020 O presidente participa na entrega de premios dos II Premios Consello Social UVigo_Humana no edificio Miralles do campus de Vigo. A seguir, un resumo das súas palabras:

“De sempre, a solidariedade e a cooperación son espíritos chave nas organizacións. Primeiro polos seus efectos inmediatos. E segundo porque o seu exercicio no tempo propicia o cambio positivo de mentalidades, de actitudes e de comportamentos na forma de convivir. E esa atmosfera fainos mellores a todos e axúdanos a educar, ampliar e elevar os nosos universos persoais e mentais cara á xenerosidade e a comprensión.

É por iso que este acto ten unha moi especial relevancia para a forma na que desde o Consello Social entendemos a universidade e a súa función de sementar e inculcar valores e transferilos. Precisamente a causa á que hoxe podemos renovar o noso apoio. Grazas á iniciativa auspiciada pola vicerreitora de Responsabilidade Social, internacionalización e cooperación, Maribel Doval.

Como presidente do Consello Social alégame que nos atopemos neste acto. E alégame tamén que se visibilice este recoñecemento que responde ao tan expresivo enunciado de UVigo Humana. Unha marabillosa descrición plástica da universidade e da súa valiosa capacidade de estar onde a súa presenza importa.

Máis aínda en tempos nos que a pandemia trouxo tanta dor e tanto dano, cobra maior valor a acción xenerosa de quen estiveron e están en primeira liña de resposta, no contacto directo onde a vida son instantes e necesidades inaprazables e urxentes.

Pero a miña felicitación hoxe debe dirixirse expresamente á Asociación Pro Vivenda e ao Fondo galego de cooperación e solidariedade, merecedores do Premio Consello Social U_Vigo_Humana na súa segunda edición. Con eles e a través deles quero deixar testemuño tamén do profundo agradecemento a todos os colectivos, organizacións e asociacións que actúan cos mesmos fins. E a eles especialmente, aos hoxe recoñecidos e aos seus representantes hoxe aquí, quero dicirlles que xa sabíamos que vos necesitabamos, pero esta nova situación que soportamos amosounos canto, sobre todo nestes tempos nos que algunhas respostas que esperabamos das institucións, da sanidade ou dos servizos sociais víronse desbordadas, e a coraxe e a xenerosidade cívica alargou os seus límites.

Grazas, vicerreitora. Grazas ao xurado, porque non é fácil elixir cando todos os candidatos teñen os mesmos fundamentos para seren premiados e son gañadores claros. E grazas, Reitor, por conducir á UVigo cara á formación nestes valores, e por axudala a tecer esta sólida rede de sensibilidade e afecto”.

RESUMO DE ACTIVIDADES

INICIATIVAS E ACTOS DESTACADOS

AS SECRETARÍAS DOS CONSELLOS SOCIAIS DEBATEN EN OURENSE SOBRE TRANSPARENCIA E COMUNICACIÓN

Baixo o título “Comunicación e transparencia, ¿en qué poden mellorar os Consellos Sociais”, ás Secretarías dos Consellos Sociais mantiveron un encontro técnico no que analizaron a situación actual e procuraron vías para fomentar a visibilidade e aumentar a reputación das universidades en Xeral. A reunión, promovida polo Consello Social da Uvigo en colaboración ca Conferencia de Consellos Sociais (CCS), celebrouse en Ourense os días 20 e 21 de febreiro, e foi o último acto presencial dese ano.

O presidente do CS da Uvigo, Ernesto Pedrosa, destacou na mesa de apertura a misión primordial de implicar á sociedade na actividade das universidades. A presidenta da Comisión de secretarios, Elena Marín, animou a converter a comunicación e a trans-

parencia “nunha auténtica rendición de contas”; e o secretario da CCS, Miguel Angel Acosta, sinalou que os Consellos deben ser “eficientes e axiles para que a universidade sea mellor”.

A primeira mesa do programa debatíu sobre por qué deben os CS contribuir á transparencia das universidades. O coordinador de Análises e Programas da Uvigo, David Basalo, afirmou que “nos obligan a ser transparentes a lexislación e as organizacións civís, e ó selo axudamos á sociedade á que servimos. Engadíu que os Consellos Sociais poden aportar moito alienándose cos principios de goberno aberto, o bo goberno e cos ODS da Axenda 2030.

O secretario da Comisión de Transparencia de Galicia, Santiago González, amosouse convencido de



Vista xeral dos asistentes , no acto de apertura.

que a transparencia “ten que formar parte de nosa cultura de actuación”, e destacou que a lei española de Transparencia, Acceso á información pública e Bo Goberno é unha das máis avanzadas de Europa.

Na **segunda sesión** abordouse si para os CS o feito de comunicar debe entenderse como algo de útil ou debe ser unha necesidade. O director de Comunicación da Universidade Miguel Hernández, Lázaro Marín, repasou as principais liñas de actuación en redes sociais e qué elementos son importantes para definir as mensaxes. O socio director de Camila Comunicación, que se ocupa da información da CCS, Javier Ablitas, preguntouse “de qué estamos a falar cando falamos de comunicación”, e reflexionou sobre as preguntas que se debería prantexar cada Consello para definir qué facer neste campo.

Na **terceira sesión** interviú o prestixioso investigador Anxo Carracedo, para falar da súa experiencia personal na comunicación e divulgación da ciencia e da importancia de facelo, para achegar a universidade á sociedades e promover a súa participación. Foi presentado polo secretario do CS da UVigo, Ignacio Rodríguez, quen sinalou que “la universidad necesita ganar la confianza y el afecto



Lázaro Marín durante a súa intervención.



Vicente Boquera, a esquerda, moderou a mesa na que participaron David Basalo e Santiago González.



O investigador Ángel Carracedo foi presentado por Ignacio Rodríguez.

Ourense 2020

ENCUENTRO

de secretarías de consejos sociales de las universidades españolas

20 y 21 de febrero
Sede: Alfarería Ourense

Universidad de Vigo

Encuentro Ourense 2020
Comunicación y transparencia
¿En qué pueden mejorar los Consejos Sociales?

20 y 21 de febrero de 2020
Sede: Alfarería Ourense
Avenida de Pontevedra

Descripción

En líneas generales, los Consejos Sociales tienen como misión implicar a la sociedad en las universidades y promover el conocimiento y el mutuo acercamiento. Así es el valor de la comunicación, donde las universidades precisan todas las ayudas posibles, para ser más visibles, más respetadas y más conocidas, para entender mejor su existencia, comprender su funcionamiento, sus resultados, sus méritos, sus fortalezas y sus necesidades, y situar su enorme importancia sobre los sólidos pilares del aprecio de los ciudadanos y la confianza y el afecto social.

Uno de los mejores caminos hacia esa comunicación son los investigadores, porque a los medios les atrae el conocimiento. Por eso los financiadores apuestan por la ciencia abierta como mecanismo para acercar la investigación a la sociedad y promover su participación, para hacer más visible y transparente toda la actividad científica, fortaleciendo la integridad de los investigadores y el impacto en la sociedad.

Va este objetivo de que la universidad comunique, con los científicos como artífices, debemos sumar la transparencia. En el último informe sobre transparencia voluntaria en la web de las universidades españolas, los Consejos Sociales adquieren un controvertido protagonismo.

Sobre esos tres asuntos se enfoca este encuentro.

Programa

20 de febrero

16.15 h Recepción e inscripciones

16.30 h Presentación y apertura
Erasmo Pedrosa
Presidente del Consejo Social da Universidade de Vigo

Elena Marín
Presidenta de la Comisión de secretarías de la Conferencia de los Consejos Sociales de las Universidades Españolas

Miguel Ángel Acosta
Secretario general de la Conferencia de Consejos Sociales de las Universidades Españolas

17.00 h Pleno de la Comisión Sectorial de Secretarías

18.00 h **La transparencia cuenta solo**
¿Por qué deben contribuir los Consejos Sociales a mejorar la transparencia de las universidades?

Presenta
Vicente Bosquera
Secretario del Consejo Social de la Universidad de Valencia

Ponentes
Jaier M. Caizana
Director de la Fundación Compromiso y Transparencia

David Basalo
Coordinador de la unidad de Análisis y Programas de la Universidad de Vigo

Santiago González
Secretario de la Comisión de Transparencia de Galicia

10.00 h Recepción por la zona histórica.

21.00 h Fin de la jornada

21.30 h Cena

21 de febrero

10.00 h **Las redes sociales lo cuentan todo**
Comunicar hoy ¿hace o hace falta para los Consejos Sociales?

Presenta
Elena Marín
Secretaría del Consejo Social de la Universidad de Zaragoza

Ponentes
Lázaro Martín
Director de comunicación de la Universidad Miguel Hernández de Elche

Jaier Abllitas
Socio director de Camila Comunicación y miembro de comunicación de la Conferencia de Consejos Sociales

11.15 h Café

11.45 h **Los investigadores cuentan mucho**
Comunicar la ciencia en clase. El papel de los Consejos Sociales

Presenta
Ignacio Rodríguez
Secretario del Consejo Social de la Universidad de Vigo

Ponentes
Ángel Carracedo
Catedrático de Medicina Legal, investigador y experto internacional en Genética.

13.00 h Clausura. Conclusiones

13.30 h Almuerzo

Programa do encontro.

social. Será más útil, más fuerte, más capaz, y dispondrá de más recursos propios y más autonomía cuando la sociedad la quiera, no por decretos. Y el camino para llegar ahí es la comunicación.”

Engadíu que “en Vigo militamos en esa convicción. Y quienes mejor representan el modo de hacerlo son los tres ponentes que les presento en esta mesa. El catedrático, el investigador y el científico de reconocimiento mundial que ha aportado su pericia a la explicación de los sucesos más sonados ocurridos los últimos años en España”. Rematou afirmando que “si cada universidad tuviera un solo Angel Carracedo, seguro que la ciencia empezaría a ser tratada, percibida y correspondida como un bien común”.

Anxo Carracedo declarouse a favor de que a ciencia teña visibilidade na sociedade, e separou a comunicación dos resultados das investigación da divulgación “que é unha das labores máis importantes para un científico”. Explicou que o seu laboratorio está sempre aberto, con visitas cada semana de distintos colectivos, “para que coñezan e entendan como funcionamos”.

O CONSELLO SOCIAL AVALIA DENDE O OBSERVATORIO DE PERSOAS TITULADAS O IMPACTO DA COVID NOS EGRESADOS DA UVIGO POLO MUNDO

As actividades do Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo durante o ano 2020 víronse condicionadas pola pandemia de Covid-19. Antes da chegada da primeira onda, segundo o plano de actividades aprobado pola Comisión de Actividades e Servizos e o Pleno do Consello Social da UVigo, o Observatorio asistiu presencialmente a dous eventos con presenza de persoas tituladas da UVigo. Entre os días 19 e 20 de febreiro participamos na segunda edición do Foro Emprego na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Posteriormente, entre os días 4 e 6 de marzo, asistimos á XXª edición do Foro Tecnolóxico de Emprego nas escolas de Enxeñaría de Minas e Enerxía e de Enxeñaría Industrial. A participación en actividades presenciais veríase afectada pola crise sanitaria provocada pola pandemia.

O Corpo Diplomático da UVigo

Perante a gravidade das noticias que estaban a chegar da Italia, o 12 de marzo, antes mesmo de que a Xunta de Galicia decretase a emerxencia sanitaria e se impuxese o estado de alarma en España, o Observatorio contactou coas persoas tituladas da UVigo que viven nos países máis afectados pola pandemia, a fin de que trasladasen, cunha crónica, a súa experiencia persoal e profesional durante o confinamento.

Seguidamente, a solicitude de colaboración estendeuse ao resto de persoas tituladas emigradas noutros países e, entre marzo e maio, recibíuse un total de 59 crónicas procedentes de 27 países dos cinco continentes, que foron publicadas simultaneamente no blogue "Corpo Diplomático da UVigo"¹. No día 20 de maio deuse a coñecer un vídeo-resumo² recollen-



Imaxe sacada da web.



Portada da publicación con testemuñas sobre a COVID, remitidas por tituladas da Uvigo en todo o mundo.

¹ <https://corpodiplomaticouvigo.blogspot.com/>

² <https://www.youtube.com/watch?v=M-vcaKToy8g>

do os testemuños recibidos. A partir de novembro chegaron crónicas adicionais sobre o impacto que estaba a ter a segunda onda da pandemia.

O establecemento desta liña de contacto coas persoas tituladas da UVigo emigradas no estranxeiro permitiu coñecer a valoración subxectiva e en primeira persoa sobre como estaban a vivir o grande confinamento nos países de destino. A iniciativa foi acollida positivamente polos destinatarios, alcanzando un notable eco social, pois foi divulgada nos medios de comunicación.

Enquisa sobre o impacto laboral da crise por Covid-19

Entre o 26 de maio e o 8 de xullo o Observatorio difundiu unha enquisa para coñecer, con datos obxectivos, o impacto laboral que estaba a ter a crise por Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo.

O impacto laboral abordouse a partir de tres perspectivas: sanitaria (porcentaxe de persoas que referiron a existencia dalgún caso de contaxio por Covid-19 nas empresas/entidades en que traballan ou no seu ambiente laboral), laboral (incidencia nas taxas de ocupación e de desemprego) e no modo de traballo (medidas organizativas tomadas polas empresas/entidades para continuar a súa actividade durante a pandemia).

O formulario aplicado, aloxado na web do Observatorio, foi amplamente divulgado e distribuído entre os contactos integrados na Base de Datos de Persoas Tituladas do Observatorio. A enquisa contou coa participación dunha mostra representativa de 3217 persoas tituladas da UVigo de todas as titulacións e promocións.

O 29 de xullo era publicado o avance dos resultados

na Web do Consello Social baixo o título “Estudo sobre o impacto laboral da actual crise por Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo”. Posteriormente, o 6 de outubro, o DUVI³ divulgaba os principais resultados deste estudo pioneiro no sistema universitario galego e español.

Informe “Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Marzo-Xuño de 2020”

Entre os meses de setembro e novembro por parte do equipo do Observatorio, dirixido polo profesor Luis Espada, procedeuse á análise pormenorizada dos resultados da enquisa, cuxas conclusións foron recollidas no informe titulado “Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo”. A adopción do título definitivo deste estudo debeuse á chegada, mentres estaba a ser redactado, da segunda onda da pandemia. A edición definitiva do Informe acabou de imprimirse en decembro de 2020 co financiamento do Consello Social.

Redes sociais

En xaneiro de 2020 púxose en marcha a **Canle de YouTube do Observatorio**⁴ a fin de divulgar contido multimedia sobre inserción laboral e as actividades desenvolvidas. No primeiro ano a Canle de Youtube conta con 38 vídeos estruturados en seis listas de reprodución (Eventos, Informes, Relatorios, Monografías, 30 anos UVigo e Covid-19). A **páxina de LinkedIn** do Observatorio viu incrementado o seu número de seguidores/as nun 86,5% durante o ano 2020, alcanzando os 1510.

Divulgación de actividades

O 2 de decembro foi presentado o informe “Fuga de talento en Galicia: Mito ou realidade?”⁵, elaborado polo Foro Económico de Galicia coa colaboración do Obser-

3 <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/54-persoas-egresadas-uvigo-teletraballaron-confinamento>

4 https://www.youtube.com/channel/UCQ21MUWt9zKIWdY_XH7STyA

5 <http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/fuga-de-talento-en-galicia/>

vatorio. A cuantificación da fuga foi posible, pois grazas aos traballos de inserción laboral publicados polo Observatorio coa colaboración do Consello Social, a UVigo é a única universidade galega que conta con información sobre o lugar de traballo do seu antigo alumnado.

O 21 de decembro de 2020 era presentado publicamente o informe “100 titulacións da UVigo (1990-2015)”, realizado durante o ano 2019 e cuxa presentación fora adiada por causa das restricións impostas pola pandemia.

O CONSELLO SOCIAL, IMPLICADO NO AMBICIOSO PLAN ESTRATEXICO DA UVIGO 2021-2026

O Consello Social participou activamente na reflexión e na elaboración do plan estratéxico que marca e pon rumbo á institución cara ao futuro. *A través do documento, a UVigo ten no seu conxunto a oportunidade de denir onde e como se desexa ver dentro de cinco anos, e denir as políticas, as medidas e as accións necesarias para que sexa posible. Durante a presentación do Plan, o presidente, Ernesto Pedrosa, deu lectura ó seguinte discurso:*

Este mapa de afanes pone a la UVigo a la altura

Fueron los últimos meses de 2020 tiempos extraños, inciertos y adversos. Quedará para la historia que nos tocó vivir un difícil y desconocido escenario existencial que alteró y amenazó nuestras convicciones e hizo viejos de repente los modelos de convivencia que nos habían servido hasta entonces. Y justamente fue ahí cuando, como sociedad desconcertada, convocamos e invocamos más que nunca a las universidades, para aprovechar su autoridad moral, acreditarnos con sus referencias y poner sus conocimientos en el centro de operaciones de nuestras inquietudes, nuestras necesidades y nuestras dudas.

A las universidades les pedimos entonces que ejercitasen su potente capacidad de reacción (y Vigo fue un buen ejemplo), que mejorasen su identificación con las sensibilidades colectivas, que cambiasen los afanes y que pusiesen a las personas por delante. Porque de

Listas de distribución

O número de persoas rexistradas na Base de Datos de Persoas Tituladas do Observatorio incrementouse un 14,2% durante o ano 2020, o que permitiu ampliar o alcance da súa explotación a través das listas de distribución. Nese sentido, o 6 de febreiro de 2020 foi noticia que unha antiga alumna da UVigo fora seleccionada no Concurso Fotografía Erasmus⁶ convocado pola Comisión Europea, pois o Observatorio previamente difundira a súa convocatoria entre as e os ex-alumnos da institución

pronto fuimos más conscientes que nunca de que la ciencia y la investigación no sólo nos mejorarían la vida sino que nos podrían ayudar a no perderla.

Ya sabíamos del extraordinario papel que desempeñan las universidades a la hora de reducir el riesgo de pobreza, amortiguar la exclusión social o combatir las desigualdades de género, por ejemplo. Aún más: conocíamos su influencia objetiva en forjar células sociales más altruistas, más participativas y con mayor conciencia medioambiental.

Pero de pronto se hizo tarea urgente la universidad humanista, audaz, abierta, que fuese capaz de rescatarnos, que se esforzase por ser accesible, comprometida socialmente y con los reflejos intactos para alimentar a la comunidad de certezas nuevas, capaz de salirnos al camino y de abrirse a itinerarios inexplorados para garantizar la igualdad de oportunidades para todos, y que mirase de frente y en primera

6 <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/foto-dunha-viaxe-furgoneta-dinamarca-historia-dunha-experiencia-erasmus>



De esquerda a dereita M. A. Michinel, Manuel Reigosa, Ernesto Pedrosa, Jorge Cebreiros (CEP), Jacobo Porteiro, Elena Rivo e Juan M. Vieites (CEG).

línea a las necesidades, las exigencias y las carencias que no esperábamos encontrarnos pero se nos estaban presentando a tal velocidad que apenas nos dejaba tiempo para asimilarlas.

Así pues, hacia cualquier lugar al que mirásemos buscando respuestas o posibles soluciones, encontrábamos a la universidad. Y brotó cierto consenso en que si la protegíamos y la ayudábamos podríamos exigirle más, y quizá el futuro no resultaría tan dañado cuando todo lo extraño que nos estaba ocurriendo pasase.

Surgieron entonces propuestas de cómo debería ser esa nueva universidad ideal, y qué deberíamos pedirle. Y comprobamos entonces que la mayoría de los objetivos planteados iban a jugar en gran medida en el campo de acción de los Consejos Sociales. Por eso creo que las reorientaciones o refor-

mas que necesita la educación superior para afrontar los nuevos retos da a los Consejos Sociales una oportunidad sin precedentes para desplegar sus posibilidades. Y el momento es, estratégicamente, ahora, aprovechando el gran esfuerzo realizado por las universidades, que se vieron sorprendidas por la pandemia y han tenido que acelerar su capacidad de adaptación y respuesta para hacer en tiempo récord lo que en circunstancias menos exigidas demorarían años si tuviesen que cumplir los tiempos administrativos.

Y en ese escenario, entre la idoneidad y la coyuntura, nació este Plan Estratégico de la UVigo para 2021-2026, un documento esencial para que vehiculicemos las zonas de paso entre la universidad y la sociedad. La ley autonómica en Galicia no otorga competencias a los Consellos Sociales en este

asunto (otras comunidades sí lo hacen), pero igualmente lo debatimos y lo presentamos ante el Pleno, porque no hacerlo parecería contradictorio vistas las competencias que la LOU sí encomienda a los Consellos Sociales como institución. (En este punto debo agradecer la valiosa aportación realizada a los trabajos del Plan por Elvira Larriba, Jesús Graña y Manuel González, en representación de este Consello Social y en los que también tuve el honor de participar. Agradecimiento que extendiendo a cuantos han incorporado a sus tareas la elaboración de este mapa de afanes).

Ahora, con este Plan, tengo la percepción de que la UVigo se coloca más cerca de la sociedad de lo que nunca lo estuvo. De forma sostenible. El Rector Reigosa decía recientemente que "las universidades deben y quieren estar a disposición de toda la sociedad gallega...para cualquier objetivo de país"....para intentar elevar la mirada y hacer de Galicia un lugar mejor y con un futuro asegurado".

Y con este Plan, la UVigo se pone a la altura de lo que demandan los tiempos, respondiendo a lo que se espera de una universidad, y lo hace para ponerse al servicio de las personas y de la sociedad en su conjunto, del compromiso y la transparencia, con deter-

minación, como guiada a conciencia por la reflexión que hace Vargas Llosa en "La llamada de la tribu" al afirmar que en el mundo de la educación es donde más injusto es el privilegio.

Con este documento, en fin, reforzamos la esperanza.

Y ya llegados a este punto, y por todo lo dicho, creo que el momento de mirar hacia las inversiones públicas en educación, hacia el talento, hacia la investigación o hacia el mecenazgo, es ahora. Son argumentos que la pandemia ha recargado ante la opinión pública, porque la recuperación económica post-covid pasa por profesionales bien formados; la confianza y la serenidad pasan por la investigación; y la solidaridad no se entendería sin el gran rearme moral compartido que han traído esos tiempos convulsos a toda la sociedad.

**Mi mayor reconocimiento al equipo que ha dirigido y producido este documento, que marcará el rumbo de la UVigo durante los cinco próximos años, con Jacobo Porteiro y Elena Rivo en primera línea de responsabilidad y esfuerzo.*

Ernesto Pedrosa.

Presidente do Consello Social da UVigo.

Dicembro 2020.



Entrada do Campus de Pontevedra á Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, a esquerda, é unha das acollidas ás axudas.

AXUDAS A ALUMNOS DE TITULACIÓNS CON DIFICULTADES PARA REALIZAR PRACTICAS PREPROFESIONAIS

O Consello Social convoca axudas ás titulacións da Universidade de Vigo que presenten maiores dificultades para que os seus alumnos accedan ás prácticas preprofesionais, por desenvolverse a súa formación en áreas pouco axeitadas para a formalización de convenios.

Con esta iniciativa, o Consello Social tenta promover fóra das aulas actividades de orientación laboral e inserción na vida práctica preprofesional, así como achegar información e asesoramento aos alumnos sobre as posibilidades de emprego nos distintos sectores da produción, a industria, as administracións, os servizos, etc..., mediante a realización de talleres, seminarios, prácticum, visitas, relatorios, mesas redondas ou conferencias, con profesionais relevantes no ámbito profesional ou empresarial do que se trate.

A cifra de peticións aumenta respecto ó pasado ano pola incorporación da Escola de enxeñaría industrial. Sete das peticións proceden do Campus de Vigo, tres de Ourense e dúas de Pontevedra. Consonante as bases, se priman con carácter xeral as prácticas externas e o número de alumnos beneficiados; pondéranse así mesmo as especificidades prácticas de cada proposta e primáanse as fórmulas máis destacadas de achegamento dos alumnos ao mercado laboral, tendo tamén en conta o grao de execución rexistrado na convocatoria anterior. Respecto das anteriores edicións, incorporábase como novidade un novo procedemento para a tramitación dos pagos, seguindo o programa de pedidos da UVigo.

As axudas foron concedidas ás seguintes facultades:

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía; Escola de Enxeñaría Industrial; Escola Universitaria de Estudos Empresariais; Facultade de Bioloxía; Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte; Facultade de Ciencias do Mar;


Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo; Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación; Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo; Facultade de Dereito; Facultade de Filoloxía e Tradución; e Facultade de Historia.

O CONSELLO SOCIAL RESPALDA A CREACIÓN DA “COMUNIDADE ALUMNI-UVIGO” PARA ACHEGAR E INTERACTUAR COS ANTIGOS ALUMNOS

